

Na reunión de Pacto de Selección temporal celebrada no día de hoxe, a Admón presentounos o [texto da Resolución que se vai publicar](#) , pola que se abre o prazo para a inscrición nas vinculacións temporais das categorías de persoal Técnico Superior.

### **1.-Categorías que se convocan:**

- .- Técnico Superior en Anatomía Patolóxica.
- .- “ Radioterapia.
- .- “ Hixiene Bucodental.
- .- “ Imaxe para o diagnóstico (TER).
- .- “ Laboratorio e Diagnóstico Clínico.

### **2.- Presentación e Cómputo dos Méritos:**

Os méritos deberán rexistrarse antes do 30 de novembro de 2011.

Os méritos computados serán os causados ata o 15 de novembro de 2011.

### **3.- Publicación no DOG e prazo de inscrición.**

Publicarase no DOG o venres 28 de outubro.

O prazo de inscrición será do 2 de novembro de 2011 ata o 30 de novembro de 2011.

### **4.- Xeración das listaxes.**

Pendente de confirmar.

### **5.- Solicitudes de Inscrición:**

Será obrigatoria para todo o persoal que queira figurar nas listaxes.

A solicitude formalizarase a través do currículo profesional habilitado electronicamente na páxina web do SERGAS, no apartado correspondente FIDES/expediente-e, no apartado procesos.

A solicitude terá unha casilla, de cumprimento obrigatorio, de declaración de ter a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións.

A solicitude poderá gardarse e imprimir como borrador para que a/o interesada/o comprobe que os datos son correctos. Unha vez confirmada non se poderá modificar. A solicitude impresa presentarase en calquera dos rexistros oficiais; preferentemente dirixida a unidade de

validación onde presentou a documentación.

## **6.- Pago de taxas.**

Aquí é onde tiñamos a discrepancia, no texto que envíen recolleran se cando unha/un aspirante se anote en máis dun categoría, por ser estas compatibles, debe de abonar novamente taxas. Ou as taxas son só para a 1ª inscrición.

## **Aclaración posterior do SERGAS vía correo electrónico:**

En relación co pago de taxas para inscrición nas listas, aclaramos o seguinte:

O pago de taxa é obrigatorio para a inscrición por primeira vez nunha categoría, e así se desprende do Pacto, que identifica a inscrición en listas coa inscrición nunha categoría. Ademais, cambia a solicitude, que agora debe realizarse unha por categoría, e non unha conxunta coma no anterior Pacto. Isto implica que si a inscrición se realiza nunha categoría distinta, ou se fai en varias categorías compatibles, débese pagar unha taxa por cada solicitude de inscrición.

Temos que ser conscientes do traballo e o custo que esta xerar neste momento o *expedient-e*, e a cantidade de profesionais adicados ao proxecto no sistema neste momento.

Ademais, xa eliminamos a exención no caso de modificacións na inscrición dentro dunha categoría.

Polo demais, a resolución non tera modificacións, na axuda da aplicación xa se aclara q non se admitirán solicitudes corrixidas a man. En canto as áreas limítrofes (Monforte por diante de Santiago para O Barco) estámolo revisando e, de ser o caso, fariamos unha corrección de erros, e no aplicativo xa sairía corrixido.

## **7.- Publicación das listaxes.**

As listaxes publicaranse con carácter provisional, podendo presentar reclamacións no prazo máximo de dez (10) días hábiles a partir do día seguinte a súa publicación.

Contra a lista definitiva poderán interpoñer recurso contencioso administrativo, e con carácter previo, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Dirección de RRHH do SERGAS.